

Scribus

O programa Scribus é unha aplicación de código aberto para edición gráfica e pódese descargar e usar libremente; está accesible neste [endereço web](#).

Abrimos o programa, aparece a ventá “Documento novo” e aí escollemos “Páxina única” e Aceptar.

Xa temos unha páxina en branco na que comezar a publicación. Veremos agora unha serie de aspectos básicos para comezar:


- 1) Para engadir unha **nova páxina** premer en “Páxina” no menú superior e logo “Inserir”; aceptamos na ventá emerxente e xa temos unha páxina máis (ou varias, se así o indicamos) no documento.
- 2) Para **inserir texto**: Hai que facelo dentro dunha “Moldura de texto”, é dicir un rectángulo dentro do cal imos engadir texto. Prememos no menú superior “Inserir” e logo “Inserir unha moldura de texto” (ou prememos o botón de texto).



A continuación debuxamos o rectángulo (facendo clic e arrastrando) dentro do que vai ir o texto. Sempre que rematemos unha acción convén premer o botón de selección para así poder seleccionar calquera elemento na pantalla.

En calquera momento podemos modificar o tamaño do cadrado de texto facendo clic nel e movendo as pestanas que aparecen nos recantos e no centro de cada lado.

Agora hai que poñer o texto. Facemos dobre clic na moldura de texto e logo, ou ben pegamos texto que teñamos no portapapeis, ou ben o escribimos co teclado.




- 3) Para **inserir unha imaxe**: Debemos usar unha moldura de imaxe (un rectángulo no que vai ir unha imaxe): “Inserir”, logo “Inserir moldura de imaxe” e debuxamos o quadro, igual ca antes. Para meter unha imaxe no quadro debuxado, facemos dobre clic nel e xa se nos abre un navegador, onde debemos escoller a imaxe que queiramos engadir.

- 4) Tamén podemos, actuando do mesmo xeito ca nos puntos anteriores, engadir liñas, formas xeométricas...

A ventá de propiedades

Todas as accións sobre as molduras que temos na páxina podémolas realizar mediante a ventá de propiedades; para abri-la facemos clic dereito sobre unha moldura e seleccionamos “Propiedades”.

Nesta ventá temos unha serie de lapelas que podemos abrir facendo clic sobre elas: X,Y,Z, Forma, Agrupar, Texto, Imaxe, Liña, Cores. Algunhas destas lapelas non están accesibles (están en cor gris) porque a moldura seleccionada non admite esa propiedade: non ten sentido a propiedade imaxe dentro dunha moldura de texto, por exemplo.



Propiedades para modificar molduras de texto

Cando seleccionamos unha moldura de texto (facendo clic nela) aparecen as distintas opcións na ventá de propiedades.

A primeira propiedade (X,Y,Z) contén todos os datos sobre a posición e o tamaño da moldura; aquí podemos modificar os valores que queiramos, aínda que é máis doado facelo directamente sobre a moldura, arrastrándoa ao lugar que queremos ou modificando o seu tamaño actuando sobre as pestanas dos bordos.

A segunda propiedade que aparece (Forma) non a precisamos por agora, e daranos moito máis xogo coas imaxes.

A terceira pestana (Texto) permítenos modificar todo o relacionado co texto que aparece na moldura: tipo de letra, tamaño, interliñado, posición na páxina... Esta pestana na parte inferior ten outras que permiten modificar máis propiedades, pero hai dúas especialmente relevantes:


- Cor e efectos. Permítenos modificar a cor do texto, tanto de toda a moldura como do texto que seleccionemos. Tamén, mediante os botóns da parte inferior, permite subliñar, por subíndices e superíndices, negra, cursiva...
- Distancias entre as columnas e os textos: Esta pestana é moi importante, porque nos permite **crear columnas**. En “Columnas” eliximos o número de columnas que imos crear; tamén podemos establecer a separación entre columnas e o espazo superior, inferior...

Propiedades para modificar molduras de imaxe

A propiedade “X,Y,Z” funciona igual ca nas molduras de texto.

A segunda propiedade, “Forma”, permítenos varias opcións. É importante a opción que está cara ao final (Acomodar ao tamaño da moldura), pois marcándoa a imaxe adaptaciónase para encaixar na moldura, independentemente do seu tamaño orixinal. Outra función relevante é a de especificar como se vai organizar o texto arredor da imaxe; para isto é importante que a imaxe estea por enriba do texto (se non é así, debemos seleccionala, facer clic dereito nela e escoller “Nivel”-> “Traer para adiante”). As opcións que nos ofrecen para regular o texto arredor da imaxe son:

- **Desactivado:** A imaxe superponse sobre o texto.
- **Usar a forma da moldura:** O texto rodea a moldura adaptándose á forma que lle deramos a esta. Para darlle forma a unha moldura en Propiedades->Forma -> premer “Editar”.



Os nodos son os puntos que imos marcar arredor da imaxe para darlle forma; estes nodos pódense mover para levalos a onde queiramos.

Para crear un nodo prememos o botón + e facemos clic sobre o lugar do bordo da imaxe onde queremos poñer o novo nodo; podemos engadir os nodos que queiramos e ao rematar prememos o primeiro botón para evitar que se sigan engadindo máis. Para eliminar un nodo seleccionamos o botón – e facemos clic sobre o nodo a borrar.


Logo tan só hai que ir movendo os nodos ao lugar desexado, creando un marco con forma arredor da imaxe.

Os botóns da segunda fila permítennos modificar os nodos para curvalos.

- **Usar a caixa delimitadora:** O texto rodea a moldura formando un cadrado.

Vexamos un exemplo práctico.

- Abrimos o programa e na ventá de inicio escollemos “Páxina única” e Aceptar. Se quixésemos crear o documento con máis páxinas, poderíamos indicar na opción “Número de páxinas” cantas queremos que se engadan; tamén podemos engadir máis páxinas despois premendo no menú “Páxina”->”Inserir”.
- Aínda que non é necesario usalas, é moi útil traballar con “Liñas guía”, que son liñas que non van aparecer na visualización final pero que nos axudan a colocar os obxectos na páxina. Para poñer unha “Liña guía” só hai que facer clic sobre a regra (a barra numerada que hai na esquerda e sobre o documento) e arrastrar cara ao documento. Se poñemos o cursor sobre a liña guía, este cambia, e podemos arrastrala a outra posición.




Seleccionamos nos botóns superiores “Moldura de texto” (ou no menú “Inserir”->”Inserir unha moldura de texto”) e debuxamos sobre a páxina un rectángulo na parte superior para poñer o título. Debuxaremos ademais outros tres rectángulos, dous na parte superior e un máis grande na parte inferior (na imaxe aparecen numerados):

- Imos co título. Facemos dobre clic na primeira moldura de texto e escribimos o título do xornal (nós utilizaremos: O noso xornal); nunha segunda liña podemos engadir outra información, como a data de publicación. Se aínda non está aberta a ventá de “Propiedades” abrímosa no menú superior: “Xanelas” -> “Propiedades” ou facer clic dereito sobre a moldura e logo seleccionar “Propiedades”.

Unha vez aberta a ventá seleccionamos co rato o título e na fiestra de Propiedades escollemos a lapela “Texto”; aquí seleccionamos un tipo de letra (no exemplo “Cooper Black”) e un tamaño (47puntos); ademais aliñaremos o texto ao lado dereito premendo icona que está marcada na imaxe; as demais permiten outros aliñados diferentes do texto.


Se temos unha segunda liña podemos repetir o proceso para adaptalo ao noso gusto.

Tamén podemos engadir unha liña que separe a cabeceira do resto da portada; para iso seleccionamos no menú “Inserir” -> “Inserir unha liña”, e debuxámola como queiramos.




- No segundo cadro engadiremos unha noticia que irá acompañada dunha foto. Facemos dobre clic na moldura e, se temos o texto xa escrito e copiado no portapapeis, pegámolo; de non ser así, escribímolo. Igual que fixemos antes, podemos elixir o tipo de letra, o tamaño e o aliñamento.

Despois incluiremos unha foto; a foto debémola ter copiada nalgún lugar para poder utilizala. O primeiro é crear unha moldura de imaxe, premendo a icona da barra de ferramentas ou no menú “Inserir” -> “Inserir unha moldura de imaxe”, e debuxamos un cadrado máis ou menos onde queremos que vaia a imaxe; logo facemos dobre clic neste cadro e escollemos a imaxe que queremos inserir. Como a imaxe non se ha axustar ao marco, debemos escoller na



ventá de Propiedades a lapela “Imaxe” na parte de abaixo marcar a opción “Acomodar ao tamaño da moldura”; agora a imaxe axústase á moldura que creamos, e podemos modificar o tamaño da moldura como queiramos, que a imaxe sempre se ha adaptar a ela.

Neste momento a imaxe está sobre o texto, tapándoo e o que queremos é que o texto a rodee; para iso seleccionamos en Propiedades a lapela “Forma” e aí prememos a última opción: “Usar a liña do



contorno”. Agora o texto xa rodea a imaxe, pero está demasiado pegada a ela, cómpre distancialo; en Propiedades prememos o botón “Editar” e ábrese a ventá de nodos; nesta ventá marcamos o cadro de opción que está na parte inferior “Editar a liña de contorno”; aparece un cadro azul que debemos colocar arredor da imaxe (arrastrando os puntos dos recantos), no límite a onde queremos que chegue o texto. E xa está; simplemente separamos esta moldura de texto das demais debuxando un par de liñas.

- A moldura 3 editámola exactamente igual cá anterior.
- Na moldura 4 imos poñer unha nova máis extensa e para iso utilizaremos columnas. Seleccionamos a moldura e en Propiedades prememos en Texto; logo facemos clic en “Distancias entre as columnas e os textos”, escollemos o número de columnas (3) e tamén podemos indicar o espazo entre columnas en “Separación”.
Tras crear as columnas debemos incorporar o texto e as imaxes, tal e como fixemos antes.
- Se temos varias páxinas e queremos que o texto dunha moldura se continúe noutra moldura diferente utilizaremos a ferramenta “Ligar as molduras de texto”



Finalmente só nos queda gardar o documento. O formato que imos usar nós é o pdf, aínda que tamén se pode gardar como imaxe. Prememos no menú “Ficheiro” -> “Exportar” -> “Gravar como pdf”.